



CONCELLO DE SOBER. LUGO.

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL,

BRIGADAS INCENDIOS CAMPAÑA 2019.

CONVOCATORIA: 10 prazas. (De acordo co convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o concello de Sober para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, convenio ano 2019, asinado en data de 26/06/2019).

POSTOS: 10.

-2 posto de Xefe de Brigada, 2 posto de peón conductor co carné B; 6 postos de Peón de Brigada.

MODALIDADE CONTRACTUAL: Contrato temporal a xornada completa.

DURACIÓN DO CONTRATO: 3 meses (15/07/2018 ata o 14/10/2019).

TITULACIÓN ESIXIDA:

Xefe de Brigada: Estar en posesión da titulación de Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en Traballos Forestais e Conservación do Medio Natural ou Formación Profesional Equivalente. E ademais dispoñer do Carnet de Conducir B.

Peón Conductor: Estudos Primarios e Carnet de Conducir B.

Peón de Brigada: Estudos Primarios.

CRITERIOS DE SELECCIÓN: Os establecidos nas bases xerais para o acceso a prazas de persoal laboral temporal do Excelentísimo concello de Sober, ano 2015. Publicadas no BOP de Lugo nº 71, de data de 28 de marzo de 2015. Será obrigatorio estar desempregado e inscrito no Servizo Público de Emprego, así como estar en posesión do Celga 2 ou Celga 3, ou en caso contrario superar unha proba de coñecemento do galego.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS: Os candidatos deberán ser remitidos por a Oficina Pública de Emprego de Monforte de Lemos, de acordo coas ofertas presentadas na data de hoxe por este concello. E deberán presentar instancia de participación nas oficinas do concello adxuntando documentación xustificativa de méritos alegados.

DATA REALIZACIÓN DE PROBA DE COÑECEMENTOS, VALORACIÓN DE MÉRITOS E ENTREVISTA PERSOAL:

VALORACION MERITOS: 09/07/2019 ás 09:00 H. Centro Sociocultural Sober.

PROBA COÑECEMENTOS: 09/07/2019 a partir das 09:30 H. Centro Sociocultural Sober.

ENTREVISTA PERSOAL: 09/07/2019 a partir das 10:00 H. Centro Sociocultural Sober.

TRIBUNAL CUALIFICADOR: Presidente: María Mercedes Casares Vázquez Auxiliar administrativo concello Sober, **Secretaria:** Carlos Losada Rodríguez ADL concello Sober; **Vocal I:** Celso López Sáez. Secretario AVPC Sober. **Vocal II:** José Valcarcel Páramo, operario municipal concello Sober. **Vocal III:** José Antonio López Conde, operario municipal concello Pantón.

O tribunal non poderá constituirse con menos de tres compoñentes.

(OS CANDIDATOS SELECCIONADOS, DEBERÁN, PREVIO A SÚA CONTRATACIÓN, SUPERAR UN RECOÑECIMENTO MÉDICO E UNHA PROBA FÍSICA DE ESFORZO PARA GARANTIR AS SÚAS CONDICIÓNS DE SAÚDE DE CARA O POSTO DE TRABALLO A REALIZAR.).

En Sober, na data que figura á marxe do documento.

O Alcalde-Presidente
Luis Fernández Guitián.

Concello de Sober

Praza do Concello s/n, 27460 - Sober (Lugo) Tlf: 982 460 001 Fax: 982 460 002
e-mail: info@concellodesober.com